

CONCURSO
DE LISTAS DE AGARDA DE PROFESORADO SUBSTITUTO

CAUSAS DE EXCLUSIÓNS E FORMA DE SUBSANACIÓN

As causas xerais de exclusión pódense subsanar como se indica a continuación:

CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
04	Non acredita o pagamento das taxas en prazo, como esixe a convocatoria	Achegando copia do pagamento feito en prazo. De non ser así, o defecto é non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
D01	Non presenta documento acreditativo da identidade	Achegando copia do documento que corresponda.
D02	Documento de identidade incompleto	Achegando copia <i>completa</i> do documento que corresponda.
M01b	Non presenta a relación de méritos ou non o fai empregando o modelo normalizado	Non subsanable, dado que consonte coa convocatoria calquera documento relacionado cos méritos non pode ser admitido fóra do prazo de presentación de solicitudes.
S01	Non fixo en prazo a inscrición a través da aplicación, como esixe a convocatoria	Non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
S04	Non presenta copia da solicitude xerada na fase de inscrición	Achegando copia da solicitude xerada no proceso de inscrición.
S06	Desestimento da solicitude	Non subsanable, dado que ten orixe en vontade manifestada pola persoa interesada.
T01	Non acredita a titulación esixida	Achegando copia do título requirido ou xustificante do pagamento dos dereitos de expedición do título. A titulación é a que aparece no perfil da praza ou unha superior que permita o acceso á función pública ¹
T02	Documento acreditativo do título incompleto	Achegando copia <i>completa</i> do documento que corresponda.
T03	Non acredita homologación ou equivalencia de título estranxeiro	Achegando copia da credencial de homologación ou de declaración de equivalencia do título estranxeiro.
Y04	Non acredita coñecemento suficiente da lingua estranxeira indicada na convocatoria	Achegando copia do documento que corresponda.

¹ Disposición adicional 4ª do Real Decreto 889/2022 e artigo 76 e disposición transitoria 1ª do Real Decreto Lexislativo 5/2015

